



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)

Telefonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Acta da mesa de contratación constituída dentro da licitación do contrato de concesión da xestión integral do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento no Concello de Cabana de Bergantiños.

No salón de Plenos do Concello de Cabana de Bergantiños, sendo as 13.45 horas do día 3 de Agosto de 2012 e baixo a Presidencia do señor Alcalde do concello, don José Muíño Domínguez, constitúese a Mesa de Contratación prevista na cláusula

PRESIDENTE:

D. José Muíño Domínguez,
Alcalde do Concello.

VOGAIS:

D^a Paula María Suárez
Cotelo Secretaria Xeral do
Concello

D^a Gema Vázquez López,
Interventora Municipal.

D^a Yolanda Imia Antelo,
tesoureira accidental.

SECRETARIA:

D^a M^a Cristina Candal Rey,
funcionaria do Concello.

duodécima dos pregos que rixen a contratación, composta polos membros que se relacionan á marxe (composición que cumpre co previsto no artigo 21 do RD 817/09) coa finalidade de proceder á apertura do sobre C – proposición económica-.

Compróbase pola sra Secretaria a existencia de quórum necesario para a celebración do acto, a tenor do disposto no artigo 21.7 do R.D. 817/09. Reúñese a Mesa de Contratación no presente acto asistida polo enxeñeiro técnico industrial don Juan Montenegro, para, á vista das manifestacións realizadas polo representante da empresa Espina&Delfin e recollidas na acta de data 2 de Agosto de 2012, volver a analizar a proposta contida no sobre B presentada pola devandita empresa.

A Mesa de Contratación considera que os datos que se deben ter en conta e se deben analizar son os que figuran desglosados no estudo económico, co resultado que consta no informe do técnico e que consta recollido na acta do xoves 2 de Agosto de 2012.

Vistos os datos da conta de pérddas e ganancias proxectadas para cada un dos 25 anos de duración do servizo (tabla 2), os mesmos serían incorrectos porque non se corresponden co estudo de costes previo.

Asimesmo, a Mesa considera que a documentación que a empresa presenta identificada co apartado VI –subvención a aboar ó concesionario- e VII – precios de execución de abastecemento de auga e saneamento, non debería constar como documentación no sobre B, senón que é documentación que corresponde incluír no sobre C (anexo V dos pregos de cláusulas administrativas particulares).

Por outro lado, ponse igualmente de manifesto que os datos de facturación contidos na conta de perdas e ganancias proxectada para cada un dos 25 anos de duración do contrato non serían correctos: só os do ano 1 reflicten todas as contías a cobrar ós usuarios, mentres que os dos anos 2 e seguintes non teñen en conta no apartado de abastecemento as cotas de conservación de acometidas e conservación de contadores a cobrar ós usuarios do servizo. Polo tanto os datos de facturación arrastrarían unhas diferencias ó longo dos 25 anos de duración do contrato que non constan no estudo de costes a 25 anos, obtendo unhas resultados erróneos.

Igualmente, a Mesa considera necesario facer a seguinte aclaración: **a subvención a percibir polo concesionario do servizo en ningún caso será unha cantidade fixa,** senón a que figura na cláusula segunda 1.b) dos pregos de cláusulas administrativas particulares e que se transcribe a continuación:

“b) subvención ó concesionario para manter o equilibrio económico do contrato, pola diferenza entre as tarifas a percibir dos usuarios e os custos de explotación do servizo ofertados polo adxudicatario no proxecto de explotación que deberán presentar conforme á cláusula undécima e que lle vinculará ó longo da vida do contrato, por importe máximo de 50.000 euros, que poderá ser minorado polos licitadores.”

Isto é, a cuantía da subvención variará cada ano en función dos costes ofertados polo licitador para cada un dos anos de duración do contrato e os ingresos que efectivamente se recauden en cada exercicio.

Por todo o anterior, a Mesa de Contratación acorda propor ao órgano de contratación que se declare deserta a licitación do contrato de concesión da xestión integral do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento no concello de Cabana de Bergantiños por entender que a oferta presentada non se adapta ó establecido nos pregos que rixen a devandita contratación.

Levántase a sesión da Mesa, cando son as 14.00 horas do 3 de Agosto de 2012, extendéndose a presente acta que asinan todos os membros da Mesa de Contratación, do que, como Secretaria da mesma, dou fe e certifico.

Astoria Concha Rey

